



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA E ABANCA, PARA A CELEBRACIÓN DO ENTROIDO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con ABANCA e o concello de Xinzo de Limia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o Concello, para o apoio á celebración do Entroido, por considerar este evento un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio destas funcións, a Axencia está interesada en apoiar á entidade no desenvolvemento da festa indicada por ser unha iniciativa de relevancia para a divulgación da oferta turística galega vinculada ás festas de interese turístico, como medida de promoción e fomento do turismo para o impulso da mellora económica do sector.





Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Terceiro.- O concello de Xinzo de Limia, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, ten competencias en materia de turismo, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración do Entroido.

Cuarto.- O do Concello de Xinzo de Limia é o ciclo de carnaval máis longo de toda España, xa que comeza o Domingo Fareleiro (tres antes do Domingo de Entroido) e remata co Domingo de Piñata. Aínda que o Domingo de Entroido a localidade é un fervedoiro de xente de todos os lugares de Galicia, o día grande é o Martes de Entroido, cando ten lugar o desfile de carrozas e comparsas, encabezado por un gran grupo de “pantallas”, personaxes ancestrais percorren a vila golpeando dúas vexigas de animais, secas e inchadas como globos, impoñendo a súa lei de xeito que ninguén pase pola festa sen disfrace, sendo o castigo invitar a uns viños ás Pantallas. As Pantallas van vestidos cunha máscara feita de cartón, papel, fariña e auga que logo se pinta. Nesta festa hai outro personaxe, o Meco, que semella ao “rei”.

Esta celebración acadou a declaración de Festa de Interese Turístico Nacional no ano 1997.

Quinto.- A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos





extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Xinzo de Limia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

